

Abolir os servizos públicos: aposta ideolóxica do PP

■ Á fronte da Xunta, o PP galego é o ideólogo dos recortes nos servizos públicos en todo o Estado



6 **Ramiro Otero**

Secretario xeral da Federación de Servizos á Cidadanía

Nos últimos anos, a cidadanía galega vén sufrindo, en consonancia co resto do Estado, políticas de recortes profundos en todos os servizos públicos; recortes que teñen similitudes cos executados polo Goberno central, pero tamén moitas singularidades na nosa comunidade.

Precisamente, o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, contrariamente ao que sen dúbida cren fóra das nosas fronteiras, vén demostrando ser o ideólogo avanzado do PP á hora de aplicar medidas de recorte suplementarias ás que aplica o Goberno central.

Abonda con se fixar un chisco nos orzamentos xerais de Galicia para decatarse de que todas as partidas de responsabilidade directa da Xunta de Galicia que ían dirixidas, dun xeito ou doutro, a servizos públicos de toda índole, sufriron reducións substanciais ano tras ano; reducións que inci-

den directamente na perda constante de calidade de vida das galegas e dos galegos, e xa van cinco anos seguidos.

Os recortes son fondos e continuados e están a mudar e deteriorar totalmente a cantidade e a calidade dos servizos e das administracións públicas. As propias cifras e datos que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas recolle sobre a nosa comunidade autónoma, en relación ás tres administracións, son concluíntes ao respecto.

En termos de persoal, entre xaneiro de 2010 e decembro de 2012, os concellos galegos perderon 6.279 postos de traballo estruturais dun total de 31.317, o que significa unha perda do 22,14 % do total. Esta enorme mingua de persoal por forza afecta á cantidade e a calidade dos servizos que se prestaban, coa conseguinte repercusión sobre a poboación e, fundamentalmente, sobre as

clases máis necesitadas.

Que servizos se ven atanguidos? En primeiro lugar, todos os que dependían do financiamento das Administracións central e autonómica; servizos de proximidade que ninguén máis ofrece e que, nunha alta porcentaxe, coinciden cos que entrañan un enorme compromiso social e, ao desapareceren, deixan inermes e abandonados á súa sorte os sectores da poboación máis febles e necesitados (servizos para a dependencia, axuda a domicilio, colaboración social, atención á drogodependencia, equipos de inclusión social, servizos sociais comunitarios, axuda e colaboración social, plan xitano...), servizos que se foron adelgazando ano tras ano ata quedaren ao bordo da desaparición. Por poñer algún exemplo, as porcentaxes de redución dos orzamentos nestes tres últimos anos superan o 38% cando falamos dos servizos sociais en xeral, ou o 80% de media se nos referimos á axuda no fogar. O mesmo está a acontecer con outros moitos servizos prestados desde os concellos, como as axudas ao deporte, o turismo, a limpeza de praias, as emerxencias (Grumir).

A todo isto sumarase agora a nefasta reforma que o Goberno central pretende aplicar unilateralmente á Administración local. Unha reforma que lles impedirá aos concellos complementar os servizos de educación, cultura, saúde, e que fará desaparecer, entre outros, a prestación dos esenciais servizos sociais á cidadanía. Ademais, prevé eliminar milleiros de postos de traballo, o que comportará unha perda aínda mei-

rande de calidade nos servizos.

O escenario tórnase dantesco se a estes recortes lles engadimos a imposibilidade legal dos concellos para crearen emprego, pola imposición dunha taxa de reposición que, na práctica, significa que todos os postos que queden vacantes non poderán cubrirse e se extinguirán, e tamén o adelgazamento de servizos públicos de titularidade municipal por mor da continuada privatización (recollida do lixo, limpeza viaria e de instalacións e edificios, seguridade, mantemento, servizo de augas, tramitación de multas e sancións...).

Onde quedou o famoso Pacto Local, que recoñecía e pretendía achegar e incrementar os servizos de proximidade nos concellos?

Na mesma dirección actúa a Administración pública estatal en Galicia: a política de amortización de prazas e de recortes de persoal traducíuse nunha perda de 1.742 empregos entre 2010 e 2012 (719 no último ano), superando a media estatal nun 60%.

Tampouco a Administración autonómica é allea aos recortes, que os aplica de múltiples formas: desde o que impuxo ao seu cadro de persoal —unha perda acumulada de 2.279 empregos estruturais no mesmo período—, á continua perda de dereitos e rebaixas salariais, moi superiores estas ás estatais. Mais tamén sobre servizos sensibles e fundamentais para a cidadanía, coma tal os servizos de ambulancias: nos dous últimos anos están nas mans de concesionarias privadas, pero é a cidadanía quen os paga cos seus impostos, e por decisión do Goberno da Xunta

foron sufrindo múltiples recortes (diminución do número de ambulancias, redución dos servizos nocturnos, gran rebaixa do orzamento ou o futuro copagamento do servizo).

Outro exemplo son os tremendos recortes aplicados nas políticas de defensa do medio natural, vital na nosa comunidade. Por un lado, ponse en mans privadas a xestión da loita contra o lume, e, por outro, desregúlanse, deteriórnanse e redúcense os dispositivos humanos, técnicos e materiais, así como os orzamentos para este fin. O resultado son os graves acontecementos que xa vivimos este último verán, pero que se veñan repetindo ano a ano nos períodos estivais.

A Administración de Xustiza tamén está a sufrir os recortes que repercuten de maneira directa na cidadanía, dificultando e gravando o acceso a ela. A lei de taxas, a privatización dos rexistros civís, a carencia de medios humanos e técnicos, as medidas de restrición para acceder á xustiza plasman as reformas legais que afastan a cidadanía, non xa da xustiza, senón do dereito democrático a ela.

Tampouco fican fóra dos recortes os servizos aeroportuarios públicos. Na súa carreira de desmantelamento do público, a decisión de privatizar AENA abunda sobre esta cuestión, encarecendo o servizo á cidadanía e convertendo unha prestación pública noutro negocio, que repercutirá nos aeroportos galegos ao encarecer os seus servizos notablemente.

Non debemos esquecer os recortes impostos en Galicia nos últimos tres anos sobre os servizos ferroviarios de viaxeiros (13 estacións pechadas este ano e 26 en anos anteriores; 1.162 paradas menos, 94 servizos suprimidos e 185.000 persoas usuarias afectadas cada ano). Estas medidas están a limitar, condicionar e encarecer a mobilidade da poboación galega, sobre todo a do



Na imaxe superior, cadea humana ao redor do Concello da Coruña hai unhas semanas contra o proxecto de reforma da administración local. Na imaxe central, concentración en Vigo do sector da Xustiza contra a lei de taxas xudiciais e a privatización dos rexistros civís. Na inferior, concentración do persoal da CRTVG diante do Parlamento de Galicia en defensa do servizo público de radiotelevisión

rural e as pequenas vilas. Amais disto, a liberalización prevista suporá, sen dúbida ningunha, unha maior deterioración do noso servizo ferroviario, todo iso agachado tras unha aparencia de modernización coa implantación sen data definitiva do AVE á custa do ferrocarril de proximidade.

Os traballadores e traballadoras dos portos dependentes do Ministerio de Fomento (Ferrol, A Coruña, Vilagarcía, Marín e Vigo) veñen sufrindo os mesmos recortes de salarios, dereitos e falta de creación de emprego ca o resto da Administración, aínda que non están sufragados polos orzamentos do Estado, senón que son entes autofinanciados, e que as autoridades portuarias achegan ao Estado uns beneficios de máis de 200 millóns.

O sector postal público de correos leva os últimos anos sometido a un ataque sistemático por parte de grupos de presión privados que pretenden o acceso libre á rede postal para captar os nichos rendibles do mercado e deixarlle a Correos a parte deficitaria. Isto tería graves consecuencias en Galicia onde, con 315 concellos cunha elevada dispersión xeográfica, boa parte dos servizos non serían rendibles e deixaría a moitos galegos e galegas excluídos dos servizos postais.

Canto aos medios de comunicación social públicos, á CRTVG aplicáronse nos últimos anos profundos recortes, amparados por normativas específicas aprobadas polo Goberno da Xunta, coa indiscutible intención de adelgazala, pechar servizos e privatizala.

O feito de non se librar dos recortes nin un só dos servizos públicos existentes, parece indicar que a crise é a desculpa dos gobernos, central e autonómico, para facer desaparecer uns ou para adelgazar ou deteriorar outros moitos. Pretenden eliminar o noso precario estado do benestar e abrirlle o camiño á iniciativa privada. A súa aposta é, non cabe dúbida, unha cuestión ideolóxica.